



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Agra de Leborís
Manuel Murguía, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.gal



PROXECTO LINGÜÍSTICO

IES AGRA DE LEBORÍS

CURSOS 2023-2024 a 2026-2027



INDICE

1. XUSTICACIÓN DO PROXECTO... 3
2. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA... 4
3. ANÁLISE DE NECESIDADES DO CENTRO... 11
4. OBXECTIVOS DO PROXECTO... 16
5. LIÑAS DE ACTUACIÓN XERAIS... 17
 - 5.1. Concreción do reparto lingüístico na ESO... 17
 - 5.2. Concreción do reparto lingüístico no Bacharelato... 21
6. LIÑAS DE ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS... 23
 - 6.1. Equipo Dinamización da Lingua Galega... 23
7. RECURSOS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS... 25
 - 7.1. Humanos... 25
 - 7.2. Materiais... 25
 - 7.3. Organizativos... 25
8. AVALIACIÓN... 26
 - 8.1. Criterios de avaliación... 26
 - 8.2. Procedementos... 26
 - 8.3. Instrumentos... 26
 - 8.4. Propostas de mellora... 27



1. XUSTICACIÓN DO PROXECTO

O IES Agra de Leborís conta cun proxecto lingüístico dende o curso 2014-2015, aprobado polo Consello Escolar o 29 de setembro de 2014, que precisa ser revisado e modificado, incluíndas as oportunas modificacións e adaptacións no curso escolar 2019-2020 e reflectido na Programación Xeral Anual. As modificacións que se introducen son derivadas da implantación da LOMCE, Lei Orgánica 8/2013 para as etapas da ESO e Bacharelato.

No presente curso escolar, 2023-2024, estase a revisar de novo es proxecto, tendo en conto os novos cambios na normativa coa Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola **que se modifica** a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (**LOMLOE**), derogou a LOMCE e introduce modificacións na LOE. e cumprido un período de vixencia de catro anos. Este documento será obxecto de permanente revisión e cada curso escolar engadirase unha addenda anual que recollera os cambios que se efectúen cada curso escolar e que se recollerán na Programación Xeral Anual.

Tómase como referencia principal o Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia. Neste decreto establécese o reparto das materias curriculares nas linguas oficiais segundo o establecido nos artigos 7 e 8. Todo este documento será elaborado por unha **comisión do proxecto lingüístico**, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica coa proposta do equipo directivo. Neste caso, implica aos xefes dos departamentos didácticos do ámbito lingüístico: Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Linguas Estranxeiras (Inglés e Francés) e Latín, e a coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.



2. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA

Na Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, no ARTIGO 2 dos fins da educación establece no apartado j) **A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houbese, e nunha ou máis linguas estranxeiras.**

A **Lei Orgánica 3/2020**, de 29 de decembro, pola **que se modifica a Lei Orgánica 2/2006**, de 3 de maio, de Educación (**LOMLOE**), derogou a LOMCE e introduce modificacións na LOE. Basándose en principios como o **respecto aos dereitos da infancia, a educación inclusiva, a equidad, a igualdade de xénero e a orientación educativa e profesional**, a LOMLOE establece os seguintes **fins del sistema educativo**, a maioría contemplados na LOE:

Artigo 2. Fins.

2.1. O sistema educativo español orientarase á consecución dos seguintes fins:

- a) O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- d) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal. e) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- f) O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- g) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.



h) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.

i) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.

j) A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houber, e nunha ou máis linguas estranxeiras.

k) A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

l) A capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva.

2.2. Os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade do ensino e, en especial, a cualificación e formación do profesorado, o seu traballo en equipo, a dotación de recursos educativos, a investigación, a experimentación e a renovación educativa, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas, a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión, a función directiva, a orientación educativa e profesional, a inspección educativa e a avaliación

No DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

No Título preliminar, nas Disposicións xerais, no Artigo 7. Obxectivos da etapa, concrétase o seguinte obxectivo:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.



- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.**
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.**
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.**
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.



l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona

No DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no Título preliminar, nas Disposicións xerais, no Artigo 7. Obxectivos da etapa, concrétanse os seguintes obxectivos:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.



d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado



No Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia.

No Artigo 4º, **Os principios a partir dos cales se elabora este decreto son os seguintes:**

1. Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
3. Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.
4. Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.
5. Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

Neste decreto establécese o reparto das materias curriculares nas linguas oficiais segundo o establecido nos artigos 7 e 8:

No Artigo 7.-**Educación secundaria obrigatoria.**

1. Garantírase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.
3. Impartiranse en **GALEGO** as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, e en **CASTELÁN** as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.

IES Agra de Leborís	
Lingua Galega	Lingua Castelán
Xeografía e Historia Bioloxía e Xeoloxía	Matemáticas Tecnoloxías Física e Química



4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras).

No Artigo 8 de **Bacharelato**. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha **oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas** para impartir en galego e en castelán.



3. ANÁLISE DE NECESIDADES DO CENTRO

O IES Agra de Leborís da Laracha é un centro educativo público no que segue a predominar a presenza de familias que empregan o galego na súa vida cotiá (Ver Datos do Instituto Galego de Estatística).

NO curso 2019-2020, o alumnado falaba maioritariamente galego en todos os contextos, aínda que se observa unha tendencia a rexeitar o galego formal estandarizado por considerar que o seu galego está influenciado polo castelán. Ademais hai o aumento de poboación diversa doutros entornos (latinoamérica, china, marroquí...) que tendo a opción de solicitar a exención da lingua galega durante un período de dous cursos escolares, teñen a obriga de aprender o idioma (ver normativa específica).

No curso 2022-2023 a coordinadora do EDLG propón pasar unha enquisa ao alumnado para recabar novos datos relativos a uso da lingua galega, que nos permita facer unha análise diagnóstica máis realista e axustada.

A enquisa atópase no enlace da páxina web co procedemento de aplicación:

www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/node/947

Deséñase circular aos titores/as co procedemento a seguir para facilitar a recollida de datos e posterior análise dos mesmos.

Bo día a tod@s,

Como xa se comentou no último claustro, queremos realizar dende o EDLG unha enquisa moi curta sobre o uso do galego por parte do alumnado co fin de renovar o Proxecto Lingüístico.

Para realizala, os/as titores/as poden facelo de dúas maneiras:

- Reservar unha aula de informática e levar ao grupo
- Ou ben, se todos e todas dispoñen dun móbil, pedirles que o traian e realizar a enquisa na aula. Neste último caso sería conveniente avisar previamente ás familias por Abalar.
- Para acceder á enquisa hai que entrar na páxina web do centro, pinchar no lateral esquerdo no apartado de departamentos, en Normalización. Terán que indicar o curso ao que pertencen.
- www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/node/947

Temos de prazo ata o venres 10 de marzo.

Se tedes calquera dúbida, falade por favor comigo.

Moitas grazas de antemán pola vosa colaboración.

Un saúdo


Ana Rodríguez (Coordinadora do EDLG)

Na primeira pregunta, destaca que a maioría do alumnado fala habitualmente en galego cos seus compañeiros/as ou fala máis en galego que en castelán, considerándose positivo o valor da lingua como factor cultural de identidade entre iguais.



1.- Que lingua falas habitualmente cos teus compañeiros/as? (Fai clic na opción que elixas):


480 respostas



Na segunda cuestión, respecto a como responde o alumnado cando lle falan en galego ou en castelán, a maioría contesta na lingua coa que adoita falar habitualmente, aínda que unha porcentaxe importante segue a contestar na lingua do outro interlocutor/a. Podería considerarse positivo como valor de interculturalidade, primando o fomento do uso do galego.

2.- Cando alguén fala contigo, en que idioma lle contestas? (Fai clic na opción que elixas):

480 respostas





Respecto da terceira pregunta, en xeral, o alumnado desenvólvese mellor en galego falando que escribindo ou lendo. En cambio, prefire ler en castelán antes que escribir ou falar.


Unha parte do alumnado utiliza as dúas linguas indistintamente para escribir, seguido de ler ou falar.

Podería estar relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe das dúas linguas, no que se considera relevante a expresión e comprensión escrita, seguida da expresión e comprensión lectora.

Fálase máis en galego e prefírese ler en castelán.

Tamén podería estar relacionado co acceso aos recursos nas dúas linguas, posto que actualmente seguemos a ter máis recursos en lingua castelá que en lingua galega, sobre todo nalgunhas materias nas que se esixe contidos e recursos en galego (Xeografía e Historia, e Bioloxía e Xeoloxía en galego na ESO)


3.- ¿En que lingua te desenvolves mellor para.....(Marca na táboa cun X a opción que elixas):




Por último, a cuarta sesión sobre a relación da lingua co contexto familiar, destaca o uso do galego tanto nos proxenitores e/ou representantes legáis como cos avós/as ou irmáns, podería valorarse como un factor positivo respecto da importancia da lingua galega como seña clara de identidade neste contexto.



4.-En que lingua falas habitualmente cos seguintes familiares? (Marca na táboa cun X a opción que elixas) :



Resultados da participación do alumnado da ESO e do Bacharelato por grupo:



RESPOSTAS ENQUIISA USO DO GALEGO ALUMNADO - MARZO 2023

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BACH	2º BACH
GRUPO A	27	25	21	18	27	23
GRUPO B	24	24	23	28	24	22
GRUPO C	24	24	22	24	14	
GRUPO D	24	23	22			
GRUPO E		17				
Total Grupos	99	113	88	70	65	45
TOTAL RESPOSTAS	480					



Tendo en conta a realidade do noso centro establecemos as necesidades externas e internas, segundo a técnica de análise DAFO.

- **En canto á análise interna:** Agora realizariamos unha fotografía da situación do propio centro, digamos que illándoo do contorno que o rodea e considerando os seus puntos fortes ou **fortalezas** (que trataremos de potenciar, como aspectos positivos que son) e as súas **debilidades** (que procuraremos eliminar ou limitar, pola carga de negatividade que imponen impedindo acadar os obxectivos desexados).
- **Respecto á análise externa:** Cando observemos o mundo exterior que rodea o centro educativo, teremos que identificar as **ameazas** que dificultan a propia marcha do centro (que haberá que superar ou polo menos minimizar ou conter) pero tamén as **oportunidades** que poden ser unha importante axuda para o cambio se as sabemos aproveitar. Teríanse en conta aquí, por exemplo, factores demográficos, económicos, sociolóxicos, culturais, legais...

	DAFO	
INTERNAS	DEBILIDADES	FORTALEZAS
	A falta de recurso educativos e didácticos nalgunhas materias segundo o establecido na normativa. A dificultade para establecer o equilibrio atendendo a oferta de materias optativas.	A implicación da comisión responsable da actualización do proxecto lingüístico. A adaptación do proxecto aos novos marcos normativos LOMLOE.
EXTERNAS	AMEAZAS	OPORTUNIDADES
	A incorporación de alumnado e familias (de procedencia estranxeira ou doutra comunidade) que poden amosar certo rechazo na adquisición dunha das linguas. A baixa dotación de recursos da administración educativa para o desenvolvemento de actividades do EDLG.	A formación permanente do profesorado na competencia lingüística A labor do equipo de dinamización lingüística no fomento do uso do galego en igualdade de condicións co castelá.



4. OBXECTIVOS DO PROXECTO

- Garantizar a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Garantizar o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
- Adquirir un coñecemento efectivo en lingua/s estranxeira/s, dentro do marco xeral de promoción do plurilingüismo.
- Participar e colaborar coas familias nas decisións que atinxen ao fomento do coñecemento intercultural e pluriligüe.
- Promocionar a dinamización da lingua galega no noso centros educativo.



5. LIÑAS DE ACTUACIÓN XERAIS

5.1. CONCRECIÓN DO REPARTO LINGÜÍSTICO NA ESO

REPARTO LINGÜÍSTICO DAS MATERIAS POR ETAPA E CURSO

Durante o curso escolar 2019-2020 realizáronse concrecións no reparto das materias a impartir en lingua galega e en lingua castelá, que se aprobaron posteriormente na programación xeral anual, para ter en conta e incluír neste proxecto lingüístico. Este reparto resolve concretarse en cursos posteriores buscando un maior equilibrio no reparto de materias nas dúas linguas oficiais.

1. Reparto lingüístico das materias a partir do curso 2023-2024

En virtude do exposto nos Artigos 7º e 8º do decreto 79/2010, o reparto das materias curriculares nas linguas oficiais nos cursos con implantación da LOMCE é o seguinte:

1º ESO			
MATERIA	SESIÓNS	LINGUA**	Porcentaxes
Matemáticas	4	Castelán	
Bioloxía e xeoloxía*	3	Galego	
Xeografía e historia	3	Galego	
Educación física	2	Castelán	
Educación plástica, visual e audiovisual	2	Galego	
Lingua castelá e literatura	3	Castelán	
Lingua galega e literatura	3	Galego	
Inglés	3-2	Inglés	
Francés	2-3	Francés	
Portugués	2-3	Portugués	
Tecnoloxía e Dixitalización	3	Castelán	
Reforzo e Apoio (Linguas)	1	Castelán	
Reforzo e Apoio (Linguas)	1	Castelán	
Reforzo e Apoio (Matemáticas)	1	Castelán	
MLD. Afondamento en Lingua Galega	1	Galego	
MLD. Afondamento en Lingua Castelá	1	Castelán	
Relixión (optativa)	1	Galego	
Proxecto Competencial (optativa)	1	Galego	
Titoría	1	Galego	

* Os materiais audiovisuais están elaborados en castelán por falta de recursos en galego.

** As sesións en lingua galega e lingua castelán están equilibradas ao 50% (15+16)



2º ESO			
MATERIA	SESIÓNS	LINGUA***	Porcentaxes
Matemáticas	4	Castelán	
Física e química**	3	Castelán	
Xeografía e historia	3	Galego	
Lingua castelá e literatura	3	Castelán	
Lingua galega e literatura	3	Galego	
Inglés	3-2	Inglés	
Francés	2-3	Francés	
Portugués	2-3	Portugués	
Tecnoloxía e Dixitalización	3	Castelán	
Música*	2	Galego	
Educación física	2	Castelán	
Reforzo e apoio (Linguas)	1	Galego	
Reforzo e apoio (Linguas)	1	Galego	
Reforzo e apoio (Matemáticas)	1	Castelán	
MLD. Afondamento de Educación Física	1	Castelán	
MLD. Afondamento de Música*	1	Galego	
Relixión (optativa)	1	Galego	
Proxecto Competencial (optativa)	1	Galego	
Titoría	1	Galego	

* Co libro de texto en castelán.

** Con algúns materiais en galego.

*** Predomina a lingua castelá tendo en conta o oferta establecida no artigo 7 do Decreto 79/2010 (17+14)



3º ESO			
MATERIA	SESIÓNS	LINGUA****	Porcentaxes
Matemáticas	4	Castelán	
Xeografía e Historia	3	Galego	
Lingua Castelá e Literatura	3	Castelán	
Lingua Galega e Literatura	3	Galego	
Inglés	3-2	Inglés	
Francés	2-3	Francés	
Portugués	2-3	Portugués	
Música – Bilingüe (optativa)	2	Inglés/Castelán	
Música - Non Bilingüe (optativa)	2	Castelán	
EPVA – Bilingüe (optativa)	2	Inglés/Galego	
EPVA - Non Bilingüe (optativa)	2	Galego	
Física e Química**	2	Castelán	
Bioloxía e Xeoloxía*	2	Galego	
Educación Física	2	Galego	
Cultura Clásica (optativa)***	3	Galego	
Oratoria (optativa)	3	Galego/Castelán	
Educación Dixital (optativa)	3	Castelán	
Relixión (optativa)	1	Galego	
Proxecto Competencial (optativa)	1	Galego	
Titoría	1	Galego	

* Os materiais audiovisuais están elaborados en castelán por falta de recursos en galego.

** Con algúns materiais en galego.

*** Con algúns materiais en castelán.

**** As sesións en lingua galega e lingua castelán están equilibradas (18+14)



4º ESO			
MATERIA	SESIÓNS	LINGUA****	Porcentaxes
Matemáticas A (de opción)	4	Castelán	
Matemáticas B (de opción)	4	Castelán	
Lingua Castelá e Literatura	3	Castelán	
Lingua Galega e Literatura	3	Galego	
Xeografía e Historia	3	Galego	
Educación Física	2	Castelán	
Inglés	3-2	Inglés	
Francés	2-3	Francés	
Portugués	2-3	Portugués	
Bioloxía e Xeoloxía (de opción)*	3	Galego	
Dixitalización (de opción)	3	Galego/Castelán	
Física e Química (de opción)***	3	Castelán	
Tecnoloxía (de opción)	3	Castelán	
Economía e Emprendemento (de opción)	3	Galego	
Expresión Artística (de opción)	3	Castelán	
Formación e Orientación Persoal e Profesional (de opción)	3	Galego	
Latín (de opción)**	3	Galego	
Música (de opción)	3	Castelán	
Cultura Clásica (optativa)**	3	Galego	
Filosofía (optativa)	3	Castelán	
Oratoria (optativa)	3	Galego/Castelán	
Relixión (optativa)	1	Galego	
Proxecto Competencial (optativa)	1	Galego	
Titoría	1	Galego	

* Os materiais audiovisuais están elaborados en castelán por falta de recursos en galego.

** Con algúns materiais en castelán.

*** Con algúns materiais en galego.

**** As sesións en lingua galega e lingua castelán están equilibradas (24+24). Pode presentar modificacións segundo a optatividade elixida cada curso escolar.



5.2. CONCRECIÓN DO REPARTO LINGÜÍSTICO NO BACHARELATO

1º BACHARELATO			
MATERIA	SESIÓNS	LINGUA****	Porcentaxes
Lingua Castelá e Literatura I	3	Castelán	
Lingua Galega e Literatura I	3	Galego	
Educación Física	3	Galego	
Filosofía	3	Galego	
Inglés I/Francés I/Portugués I	3	Inglés/Francés/Portugués	
Matemáticas I	4	Castelán	
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais*	4	Galego	
Debuxo Técnico I	4	Castelán	
Física e Química**	4	Castelán**	
Tecnoloxía e Enxeñaría I	4	Galego/Castelán	
Latín I***	4	Galego	
Grego I***	4	Galego	
Economía	4	Castelán	
Historia do Mundo Contemporáneo	4	Galego	
Literatura Universal	4	Castelán	
Matemáticas Aplicadas Ás Ciencias Sociais I	4	Castelán	
Anatomía Aplicada*	4	Galego	
Antropoloxía	4	Castelán	
Cultura Científica*	4	Galego/Castelán	
Debuxo Artístico I	4	Castelán	
Linguaxe e Práctica Musical	4	Castelán	
Literatura Galega do S.XX e da actualidade	4	Galego	
Segunda lingua estranxeira I Inglés I/Francés I/Portugués I	4	Inglés/Francés/Portugués	
Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	4	Galego/Castelán	
Relixión	1	Galego	
MLD.Debuxo con autocad 2D	1	Castelán	
MLD.Obradoiro de destrezas orais en inglés I	1	Inglés	
MLD.Obradoiro de comentarios críticos de texto	1	Galego	

* Os materiais audiovisuais están elaborados en castelán por falta de recursos en galego.

** Con algúns materiais en galego.

*** Con algúns materiais en castelán.

**** As sesións en lingua galega e lingua castelán están equilibradas (35+36). Pode presentar modificacións segundo a optatividade elixida cada curso escolar.



2º BACHARELATO			
MATERIA	SESIÓNS	LINGUA****	Porcentaxe s
Lingua Castelá e Literatura II	3	Castelán	
Lingua Galega e Literatura II	3	Galego	
Historia de España	3	Galego	
Historia da Filosofía	3	Galego	
Inglés II/Francés II	3	Inglés/Francés	
Matemáticas II	4	Castelán	
Bioloxía*	4	Galego	
Debuxo Técnico II	4	Castelán	
Física***	4	Castelán**	
Química***	4	Castelán	
Tecnoloxía e Enxeñaría II	4	Galego/Castelán	
Xeoloxía e Ciencias Ambientais*	4	Galego	
Latín II**	4	Galego	
Grego II**	4	Galego	
Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	4	Castelán	
Historia da Arte		Galego	
Xeografía	4	Galego	
Matemáticas aplicadas ás CCCSS II	4	Castelán	
Debuxo Artístico II	4	Castelán	
Deseño	4	Castelán	
Historia da Música e da Danza	4	Castelán	
Métodos Estatísticos e Numéricos	4	Castelán	
Psicoloxía	4	Galego	
Segunda Lingua Estranxeira II Inglés II/Francés II	4	Inglés/Francés	
Tecnoloxías da Información e da Comunicación II	4	Galego/Castelán	
Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia	4	Galego	
Actividade física saudable	1	Castelán	
Debuxo en autocad 3D	1	Galego	
O mundo da francofonía	1	Francés	
O mundo da lusofonía	1	Portugués	
Obradoiro de destrezas orais en inglés II	1	Inglés	
Proxectos de investigación*	1	Galego	
Relixión	1	Galego	
Taller de expresión escrita	1	Castelán	

* A materia impártese en galego pero o libro de texto e o material audiovisual están en castelán.

** Con algúns materiais en castelán.

*** Con algúns materiais en galego.

**** As sesións en lingua galega e lingua castelán están equilibradas (44+41). Pode presentar modificacións segundo a optatividade elixida cada curso escolar.



6. LIÑAS DE ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS

6.1. EQUIPO DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Proxecto de Dinamización da Lingua Galega ten como finalidade a promoción e o ensino da lingua galega. A Secretaría Xeral de Política Lingüística é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia (<https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/saudo>).

O noso centro educativos conta cun Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) que concretará no seu proxecto específico e na programación xeral anual, os obxectivos xerais:

- Coñecer a Lingua Galega como parte da nosa identidade cultural
- Aprender a Lingua Galega e difundila fóra das nosas fronteiras.
- Promover a dinamización da Lingua Galega na mocidade para incrementar a súa utilización.
- Contribuir a concienciar a importancia da Lingua Galega coas conmemoracións e celebracións arredor da diversidade lingüística.

Estos obxectivos iránse concretando noutros máis específicos a nivel de centro:

- Fomentar o uso da lingua galega entre a comunidade educativa.
- Promover a utilización dos recursos existentes na rede en galego.
- Acadar a plena valoración positiva do uso da lingua galega e desbotar os prexuízos existentes.
- Entender a lingua como medio de comunicación privilexiado e elemento configurador da identidade persoal e colectiva.
- Valorar a pluralidade lingüística como un patrimonio da humanidade e de riqueza persoal.
- Ampliar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore... na actividade diaria do centro.



- Colaborar activamente coas entidades da contorna no deseño e realización de actividades de dinamización da lingua galega.
- Divulgar os valores culturais, naturais e científicos da contorna na que se sitúa o noso centro; máis especificamente: a Costa da Morte e o mundo rural.
- Promover a igualdade e a convivencia no centro con prácticas educativas que axuden a eliminar condutas sexistas e estereotipos de xénero.
- Continuar coa ambientación do centro poñendo en valor a cultura propia e destacando a contribución das mulleres.
- Ambientar o centro poñendo en valor o papel das mulleres en distintos ámbitos: ciencia, cultura...
- Recoller datos obxectivos sobre o uso e valoración da lingua galega por parte da comunidade educativa e colaborar na elaboración do Proxecto Lingüístico do centro.
- Colaborar e coordinarse co equipo da biblioteca en todas as actividades.
- Fomentar a elaboración de materiais audiovisuais didácticos en galego.



7. RECURSOS HUMANOS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS

7.1. HUMANOS

Toda a comunidade educativa.

En especial a comisión redactora deste proxecto formado por:

Xefas/as de Departamentos	Nome e apelidos
Lingua galega e literatura	Ana Cordeiro Souto
Lingua castelá e literatura	Begoña Potente Valcarce
Inglés	Stella Joy Esterson
Francés	Fabián Otero Rabuñal
Latín	M. ^a Jesús Méndez Nova
Coordinadora do EDLG	Ana María Rodríguez Ríos
Directora	Marta de Jesús Martínez Suárez

7.2. MATERIAIS

Os materiais e recursos educativos son en papel e en dixital. Indicar tamén que algúns departamentos didácticos fan referencia a que algunhas materias impartidas en lingua galega polo profesorado, só contan con material en castelán ou noutro idioma, agás o elaborado por eles mesmos.

Elaboración dunha enquisa en formato dixital para o estudo do uso da lingua galega.

Coordinación con distintas entidades educativas sociais para o fomento da lingua galega, dende o concello, a Consellería e outras entidades.

7.3. ORGANIZATIVOS

Durante catro cursos escolares, coas concrecións establecidas cada curso escolar incluídas nas programacións xerais anuais.

Impartiranse as clases no idioma que se estableza e buscando un equilibrio na oferta de materias comúns e optativas.

O EDLG reforzará o uso da lingua galega dentro dun plan de actividades que concretará cada curso escolar e deixará reflectido na programación xeral anual.



8. AVALIACIÓN

8.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Comprobar que se conseguiron acadar os obxectivos do proxectos, entre os que se relacionan:

- Garantizouse a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Garantizouse o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
- Adquiriuse un coñecemento efectivo en lingua/s estranxeira/s, dentro do marco xeral de promoción do plurilingüismo.
- Participouse e colaborouse coas familias nas decisións que atinxen ao fomento do coñecemento intercultural e pluriligüe.
- Promocionouse a dinamización da lingua galega no noso centros educativo.

8.2. PROCEDEMENTOS

- Mediante o rexistro das campañas de concienciación e sensibilización a toda a comunidade educativa.
- Na concreción e rexistro da realización de actividades e coordinación co equipo da biblioteca.
- No rexistro e valoración da posta en marcha de actividades específicas no plan de acción tutorial e os distintos departamentos didácticos.
- Na realización de actividades complementarias e extraescolares específicas en coordinación coa vicedirección.

8.3. INSTRUMENTOS

- Segundo a normativa específica en canto ao deseño, implementación e valoración do proxecto



- Recursos materiais e dixitais específicos para valorar o proxecto: folla de rexistro, cartafol con actividades, enquisas, entre outras

8.4. PROPOSTAS DE MELLORA

- Estableceranse cada curso escolar revisada a consecución dos criterios de avaliación e segundo a consecución dos obxectivos deste proxecto lingüístico.